

SEMANA SANTA

PR®

ABRIL

Xoves 18- Domingo 21



7:00 C.S.C. Fontiñas

35 máx.

245 €

Exclusivamente socios propios ou de clubs con convenio
Socios sen federar 257 €

Viaxe á Montaña Palentina (Palencia)

O Club Deportivo Fontiñas está a programar para a **Semana Santa do ano 2019** unha viaxe do 18 ao 21 de abril, á **Montaña Palentina**, unha gran descoñecida situada ao norte da provincia de Palencia. Formada por grandes picos e crestas modelados polo xeo, exceden os 2.500 metros de altitude e conforman un singular relevo a base de fantásticas agullas, altivos cantís e vales profundos. Os picos máis coñecidos son *Espigüete* (2450 m), *Curavacas* (2520 m) e *Pico Murcia* (2341 m)

O prezo inclúe tres noites de aloxamento a media pensión no albergue de Guardo de recente construción www.alberguedeguardo.com, que tamén funciona como escola de montaña. Dispón de habitacións con 10 liteiras cada unha, baños comúns en cada planta, wifi, televisión e demais comodidades. Non están incluídas nin toallas nin sabas, aínda que quen o desexe pode alugar éstas por 3 euros/día.

Xoves 18 abril - Pico Roscas: 7:00h Saída do C.S.C. Fontiñas con dirección á *Montaña Palentina*. Tras algunha breve parada, chegaremos a Argovejo (León) para iniciar a nosa primeira ruta de sendeirismo subindo ao *Pico Roscas* (1784 m). Pola tarde continuamos en bus ata Guardo, poboación onde estaremos aloxados durante estes días. Cea e aloxamento.

Ruta circular 7 km – subida 720 m baixada 720 m

bus 425 km / 5h-30 min



Venres 19 abril - Peña Arbillos: Almorzo e saída en bus cara a Otero de Guardo. Desde aquí subiremos ata o *Penedo de Arbillos*, tamén chamado polos aldeáns *Cerro da Tuda*. Ascensión fácil e semi-circular para aclimatarnos á xornada de montaña que nos espera ó día seguinte. Regreso a Guardo. Cea e aloxamento.

Ruta semi-circular 15 km – subida 800 m baixada 800 m

bus 30 km / 1h



Sábado 20 abril - Espigüete: Hoxe imos ascender ao pico máis emblemático das *Fontes Carrionas*, o *Espigüete* (2451 m), dura ascensión pero que será recompensada cunhas maravillosas vistas dos macizos e vales que rodean este mítico cume. Pola tarde viaxe en bus ata Guardo. Cea e aloxamento.

Ruta circular 11 km – subida 1.100 m baixada 1.100



Domingo 21 abril - Collada del Fito: Xornada de despedida pero non menos interesante. Preciosa ruta lineal por camiños desde Majadas del Caserío para acabar en Valdecastillo. Teremos tempo libre para comer en Boñar. Pola tarde viaxe de regreso en bus. Chegada aproximada a Santiago 21:00 h

Ruta lineal 11 km – subida 500 m baixada 500 m

bus 425 km / 5h-30 min



NOTA: O programa de rutas non é definitivo, e, dependendo da climatoloxía e outros condicionantes, poderase modificar en beneficio do grupo e da súa seguridade. Os tres primeiros días realizaremos rutas de media montaña con guía titulado profesional, para as que se require un bo estado físico. O albergue pode ofrecer actividades ou sinxelas rutas na súa contorna para os que non desexen realizar algunha das saídas.

Prazos de pre-inscrición, inscrición e pago: Está aberto un prazo de pre-inscrición ata o **30 de Xaneiro**, realizándose un pago por adiantado de 45 € para a reserva, e dispoñendo ata o **15 de Marzo** para aboar o resto. En caso de cubrirse xa as prazas dispoñibles na primeira data, pecharase a lista de admisións. En caso contrario, seguirá o prazo de inscrición e pago do total da cantidade estipulada ata o **15 de Marzo**, data límite ata a que se poderá dar de baixa por escrito (por e-mail ou presencialmente) recuperando o sinal e pago entregado. A partir de dita data, a preinscrición non se recuperará en ningún caso, e o resto das cantidades dependerá dos pagos adiantados que xa fosen realizados polo club ao hotel e empresa de transporte, e a posibilidade de recuperalos ou non.